

CURSO FERRAMENTAS INFORMÁTICAS APLICADAS AO TRABALLO TERMINOLÓXICO

Organización:

Sociedade Galega de Terminoloxía, co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

Datas e lugar:

29 e 30 de setembro de 2006 e 6 e 7 de outubro de 2006
Universidade de Santiago de Compostela

Prazas e inscrición:

22 prazas asignadas por orde de inscrición. Ábrese un prazo de preinscrición do 1 até o 20 de setembro por vía electrónica dende a páxina da SGaT. Comunicaremos por correo electrónico as persoas admitidas no curso para que poidan formalizar a matrícula. O prazo de pagamento de matrícula é do 21 ao 28 de setembro na nosa conta bancaria 2091 0394 88 3040005700 (Caixa Galicia). Admitiranse as inscricións por orde de chegada con preferencia para os asociados/as.

Boletín de preinscrición:

Accesíbel a partir do 1 de setembro na páxina da Sociedade Galega de Terminoloxía
<http://www.terminoloxia.org/>

Matrícula:

Socios/as - 25 €
Non asociados/as en paro e estudantes - 30 €
Non asociados/as en activo - 50 €

Obxectivos:

- Procurarlle ao/á terminólogo/a os coñecementos adecuados para que poida documentar termos en fontes terminográficas, mais tamén terminoloxía en contexto, así como información conceptual.
- Facilitar a relación do/da terminólogo/a co/coa especialista e coa documentación especializada.
- Fornecer referencias de repertorios terminográficos e de entidades produtoras desta e doutras comunidades lingüísticas. Priorizarase a localización de recursos galegos e portugueses. Igualmente procurárase información doutras linguas, nomeadamente as da contorna románica.

Materiais:

Cada docente facilitará en formato electrónico unha lista de recursos con enlaces que se editará en formato cd.

Docentes:

- José Ramon Pichel Campos- Imaxin <http://www.imaxin.com/>
- Manuel Núñez Singala- Servizo de Normalización Lingüística USC <http://www.usc.es/snl/index.html>
- Berta Castaño Torrado- Diana Teknologia <http://www.diana-tek.com/www1/espanol/index.htm>
- Antón Gómez Méixome- Servizo de Asesoramento Lingüístico do Consello da Avogacía Galega http://www.avogacia.org/w3/rubrique.php3?id_rubrique=37
- Xavier Gómez Guinovart- Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo <http://webs.uvigo.es/sli/>
- Xusto Rodríguez Río- Área de Terminoloxía do Servizo de Normalización Lingüística da USC <http://www.usc.es/snl/term/index.htm>

Programa :

	MÓDULOS	DOCENCIA
1	<ul style="list-style-type: none"> - Fontes telemáticas: portais, directorios ou índices, motores de busca ou buscadores, compiladores de buscadores, metabuscadores, directorios de busca especializada, aneis temáticos, listas e foros de discusión, redes temáticas, compilacións temáticas, bibliotecas de referencia en liña etc. - Fontes instrumentais: compilacións, programas informáticos de asistencia á terminoloxía, aplicacións, tradutores en liña, etc. <p><i>Introdución á utilidade das fontes telemáticas e a súa optimización para o traballo terminolóxico. O obxectivo é dotar o alumnado das informacións básicas para documentarse no menor tempo posible sobre calquera concepto no que se procure unha denominación. Partirase de exemplos de busca terminolóxica para a localización de software e analizarase o percurso de traballo e as fontes telemáticas utilizadas.</i></p>	29 de setembro 11.00 a 14.00h. (3h.)
2	<p>Fontes institucionais: directorios, sitios web institucionais, web relacionadas con terminoloxía (universidades, asociacións, etc.), servizos de tradución (directorios, nacionais e internacionais).</p> <p><i>Trátase de listar recursos e infraestrutura de traballo terminolóxicos que contan co aval institucional e que ofertan numerosos recursos en liña en calquera das linguas de referencia.</i></p>	29 de setembro 16.00 a 19.00h. (3h.)
3	<p>Fontes bibliográficas: directorios de bibliotecas, redes e catálogos colectivos, bibliotecas virtuais ou dixitais, librarías virtuais.</p> <p>Fontes temáticas: enciclopedias (directorios, xerais, especializadas).</p> <p><i>Procurarase desenvolver un método de busca de documentación especializada en galego.</i></p>	30 de setembro 11.00 a 14.00h. (3h.)
4	<p>Fontes normativas: sitios web e, de ser o caso, bases de datos.</p> <p><i>Fontes lexislativas que revistan as solucións terminolóxicas do “plus” de uso privilexiado ou de autoridade.</i></p>	6 de outubro 11.00 a 14.00h. (3h.)
5	<p>Fontes lingüísticas: directorios, biblioteca virtual, etc.</p> <p>Fontes lexicográficas (centros e grupos de investigación, asociacións, recursos lexicográficos: dicionarios, glosarios, vocabularios, léxicos, corpus lingüísticos, abreviacións)</p> <p>Fontes gramaticais: gramáticas, ortografía, libros de estilo, instrumentos lingüísticos en liña (correctores etc.), servizos de consulta lingüística</p>	6 de outubro 16.00 a 19.00h. (3h.)
6	<p>Fontes terminolóxicas: institucións e servizos, asociacións e redes de terminoloxía, recursos terminolóxicos: bancos de datos terminolóxicos, neoloxismos, tesouros, nomenclaturas oficiais, servizos terminolóxicos</p> <p><i>Localización de recursos e a súa explotación. Avaliación de fontes e utilidades.</i></p>	7 de outubro 11.00 a 14.00h. (3h.)